

ÍNDICE DE CONTIDO

1. Quen é o responsable do tratamento dos teus datos?	2
2. Cal é a orixe dos teus datos persoais e que datos tratamos?	2
2.1. Fontes das que proceden os teus datos persoais	2
2.2. Categorias de datos persoais	3
3. Para que e con que lexitimación tratamos os teus datos?	4
3.1 Tratamentos estritamente necesarios para o funcionamento básico da Aplicación.	4
3.1.1 Tratamentos baseados na execución do contrato de banca a distancia.	4
3.1.2 Tratamentos baseados no interese lexítimo de ABANCA na prevención da fraude.	5
3.2 Tratamentos opcionais para mellorar os servizos que ofrece a aplicación previa autorización do usuario.	6
3.2.1. Tratamentos asociados ao permiso de «Notificacións»:	6
3.2.2 Tratamentos asociados ao permiso de «Contactos»:	7
3.2.3. Tratamentos asociados ao permiso de «Cámara».	7
3.2.4. Tratamento asociado ao permiso de «Teléfono».	8
3.2.5. Tratamentos asociados ao permiso de «Datos móbiles»	8
3.2.6. Tratamentos asociados ao permiso de «Localización».	8
3.2.7. Tratamentos asociados ao permiso de «Identificación biométrica»:	9
4. Con quen compartimos os teus datos?	9
5. Está prevista algunha transferencia internacional?	9
6. Canto tempo conservamos os teus datos?	9
7. Cales son os teus dereitos?	9
8. Ampliar información sobre protección de datos.	10
9. Modificacións da Política de Privacidade	11

INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

1. Quen é o responsable do tratamento dos teus datos?

O responsable do tratamento dos teus datos persoais é ABANCA Corporación Bancaria, S.A. (no sucesivo, «ABANCA»), con NIF A-70302039 e enderezo social en Betanzos (A Coruña - España), r/ Cantón Cantón Claudino Pita , n.º 2, 15300.

En ABANCA, contamos cun Delegado de Protección de Datos (no sucesivo, tamén «DPD» ou «DPO»), co que poderás contactar, se o precisas, para obter máis información sobre calquera dos puntos incluídos na nosa Política de Privacidade e para facerlle chegar as túas dúbidas, consultas ou reclamacións relacionadas co tratamento dos teus datos persoais, a través do enderezo de correo electrónico privacidad@abanca.com.

Deseguido, ofrecémosche información detallada do tratamento dos teus datos persoais efectuado por ABANCA como responsable do devandito tratamento a través da nosa Aplicación de Banca Móbil.

2. Cal é a orixe dos teus datos persoais e que datos tratamos?

Debemos distinguir entre as fontes das que proveñen os teus datos persoais e as categorías de datos persoais que tratamos a través da nosa Aplicación:

2.1. Fontes das que proceden os teus datos persoais

Os teus datos persoais tratados pola Aplicación de Banca Móbil poden proceder de ti mesmo (cando os facilitas ou achegas no ámbito das túas relacións connosco), xerarse en ABANCA (con motivo da xestión desas relacións) ou ter orixe en fontes externas (isto é, proceder de terceiros que non son parte das relacións que mantés connosco e dos que obtemos datos referentes á túa persoa ao amparo do consentimento que, no seu caso, nos outorgaras ao efecto ou ben ao amparo dalgunha outra das bases xurídicas legalmente previstas que o permiten). Deseguido, ofrecémosche información detallada respecto das mencionadas fontes internas e externas das que poden proceder os teus datos persoais:

- **Datos facilitados por ti** no ámbito da formalización e desenvolvemento das túas relacións contractuais con ABANCA (p.ex., datos identificadores ou datos de contacto).
- **Datos xerados sobre ti** derivados da propia xestión, desenvolvemento e mantemento das relacións contractuais que teñas con ABANCA (p.ex., os teus datos de conta e movementos de conta ou datos de tarxetas contratadas coa Entidade).
- **Empresas do Grupo económico de ABANCA**, cuxos sectores de actividade comprenden o financeiro, social, asegurador, inmobiliario, de investimento mobiliario, de formación, de márketing e de servizos de consultoría e asesoramento.

Podes acceder ao listado completo das sociedades que en cada momento forman parte do Grupo Económico de ABANCA [premendo aquí](#).

No caso de teres contratado un seguro mediado por ABANCA Mediación Operador de Banca-Seguros Vinculados, S.L. ou un plan de pensións contratado con ABANCA VIDA Y PENSIONES, S.A., terás dispoñible a información dos teus seguros ou do teu plan de pensións con orixe nas devanditas Entidades do Grupo na túa Aplicación de Banca Móbil.

A un tempo, no caso de contratares un fondo de investimento comercializado por ABANCA, amosarase a información sobre o teu fondo de investimento na túa Aplicación de Banca Móbil.

2.2. Categorías de datos persoais

Na Aplicación de Banca Móbil tratamos distintos tipos de datos persoais para xestionar o funcionamento da aplicación, así como para o resto de finalidades indicadas no apartado **3. «Para que e con que lexitimación tratamos os teus datos persoais?»** desta Política de Privacidade.

Co propósito de que dispoñas de información clara e detallada ao respecto, agrupamos os datos persoais que tratamos nas seguintes categorías:

- **Datos identificadores e de contacto:** nome, apelidos, documento de identidade (DNI, pasaporte ou NIE), enderezo postal e electrónico e teléfono fixo ou móbil.
- **Datos referidos á túa imaxe** (p.ex., no caso de personalizares o teu perfil da Banca Móbil incluíndo unha fotografía).
- **Datos relativos a códigos ou claves de identificación** para o acceso e operativa na aplicación.
- **Datos económicos e de solvencia patrimonial:** ingresos e gastos, investimentos e empréstitos.
- **Datos financeiros:** datos das túas contas, tarxetas e empréstitos contratados en ABANCA.
- **Datos transaccionais:** datos relacionados cos apuntamentos e movementos das contas, como poden ser os datos dos recibos domiciliados, transferencias e cargos; a información sobre os pagamentos realizados con tarxetas ou outros medios de pagamento de ABANCA ou ben empregando os nosos TPV; ou a información sobre os pagamentos realizados con cargo a liñas de crédito ou empréstito concedidos por ABANCA.
- **Datos dos seguros:** datos dos seguros comercializados por ABANCA que contrataras (datos que comprenden os de entidade aseguradora, rama do seguro, cota ou prima, data de vencemento, tomador e beneficiario/asegurado, capitais ou sumas aseguradas e matrícula do vehículo, no caso de seguros de automóbiles).
- **Categorías especiais de datos:** referímonos a aqueles datos que, pola súa natureza, son particularmente sensibles en relación cos dereitos e liberdades fundamentais e que, por iso, merecen especial protección, xa que o seu tratamento podería implicar un maior risco para o individuo; isto é, referímonos aos datos que revelen a túa orixe étnica ou racial, as túas opinións políticas, conviccións relixiosas ou filosóficas, afiliación sindical, datos xenéticos, datos relativos á túa saúde (p. ex., información relativa a enfermidades, a discapacidades ou ao estado fisiolóxico ou biomédico) ou á túa vida ou orientación sexual, datos de colectivos vulnerables –no caso de que estiveses incluído nalgún–, así como os datos biométricos dirixidos a identificarte univocamente.

Na nosa Aplicación de Banca Móbil, con carácter xeral, non recolleemos nin empregamos esta tipoloxía de datos persoais, pero si podemos recollelos e tratalos no caso de tramitares a túa alta como cliente desde a propia Banca Móbil, pois procederemos á túa identificación por medio de videochamada, sempre previo consentimento pola túa banda e sendo informado de todos os extremos do tratamento dos **datos biométricos** asociados á túa imaxe que se realizará no devandito proceso.

- **Datos de situación xeográfica.** Distinguimos, neste punto, entre:
 - o Datos de situación xeográfica obtidos do teu enderezo IP.

- o Datos de situación xeográfica que obtemos facendo uso da localización do teu dispositivo, para o que cómpre que previamente autorices o permiso de localización.
- **Datos do teu dispositivo móbil:** como o ID do dispositivo, fabricante, modelo e sistema operativo.
- **Datos de navegación e comportamento app:** enderezo IP e hábitos de comportamento na nosa Banca Móbil (p.ex., como navegas polas distintas seccións da nosa aplicación) e información sobre a instalación e funcionamento técnico de aplicacións de terceiros que descargues no mesmo dispositivo no que instalaras a nosa aplicación de Banca Móbil, todo o anterior sempre que, cando se utilicen cookies e/ou tecnoloxías similares, aceptes expresamente o seu uso; os datos sobre o ISP (dominio do provedor que dá acceso á rede) e a data-hora asociada ao acceso; así como os códigos ou claves que se utilizan para acceder/operar na Banca móbil e a identificación física do dispositivo ou dispositivo móbil (p.ex., IMEI).

Informámoste de que non todas as categorías de datos anteriormente sinaladas son utilizadas para todos os tratamentos previstos nesta Política de Privacidade. En efecto, e por aplicación do principio legal de minimización de datos, tales datos persoais só se empregarán na medida en que, segundo as circunstancias de cada caso concreto, resulten axeitados e pertinentes para cumprir coa finalidade asignada nesta Política de Privacidade ao tratamento correspondente.

3. Para que e con que lexitimación tratamos os teus datos?

Seguidamente informámoste sobre os distintos tratamentos dos teus datos persoais dos que ABANCA é responsable, con especificación das finalidades e das bases xurídicas de cada un deles.

Adicionalmente, distinguiremos os tratamentos que son necesarios para o funcionamento básico da Aplicación e os que son opcionais; isto é, son tratamentos que, sen ser estritamente necesarios para o uso da Aplicación, ofrecen melloras no seu uso ou permítennos mellorar a seguridade; estes tratamentos están asociados aos permisos do dispositivo.

3.1 Tratamentos estritamente necesarios para o funcionamento básico da Aplicación.

3.1.1 Tratamentos baseados na execución do contrato de banca a distancia.

A finalidade deste tratamento é a correcta formalización, mantemento e cumprimento das relacións contractuais ou precontractuais con ABANCA mediante a descarga da Aplicación.

Seguidamente, indícanse as operacións de tratamento dos teus datos que poderemos efectuar no marco do tratamento referido:

- Xestionar o acceso á Aplicación de Banca Móbil a través das túas claves de banca a distancia.
- Executar as operacións que realices a través da túa Banca Móbil.
- Poñer ao teu dispor a información sobre:
 - O teu saldo e movementos en contas de ABANCA.
 - As túas tarxetas de ABANCA, incluíndo o detalle das túas operacións e, no caso de tarxetas de crédito, información sobre o teu saldo disposto e dispoñible.
 - Os teus empréstitos e investimentos con ABANCA.

- Poderanse amosar os teus seguros comercializados a través de ABANCA.
- Proceder, no seu caso, á sinatura de contratos mediante a modalidade de sinatura ABANCA.
- No seu caso, poñer ao teu dispor un servizo chat que che permitirá comunicarte de xeito directo co teu xestor.
- Enviarche comunicacións non comerciais estritamente relacionadas cos produtos e servizos que teñas contratados con ABANCA ou comercializados por ABANCA (comunicacións relativas aos teus seguros ou fondos de investimento) á túa caixa de correo privado do servizo de e-correspondencia da Banca a Distancia.
- Clasificar os teus gastos e ingresos automaticamente. Se esta clasificación non é correcta, poderás modificala desde o detalle do movemento seleccionando a categoría correspondente entre un listado predeterminado.
- Poñer ao teu dispor información sobre a localización xeográfica do comercio no que realizaches unha compra ou do caixeiro de ABANCA no que realizaches unha retirada de efectivo. Esta información infírese da localización do comercio ou caixeiro e en ningún caso da localización do teu dispositivo, pois só accederemos á localización do teu dispositivo previa obtención do permiso de xeolocalización correspondente e para as finalidades informadas no apartado 3.2.6 desta política.

3.1.2 Tratamentos baseados no interese lexítimo de ABANCA na prevención da fraude.

Facemos referencia neste apartado aos tratamentos dos teus datos persoais que teñen como base xurídica a satisfacción de intereses lexítimos perseguidos por ABANCA, sempre que sobre eses intereses lexítimos non prevalezan os teus propios intereses ou dereitos e liberdades fundamentais.

Por este motivo, de forma previa á realización dos tratamentos descritos neste subapartado 3.3, realizamos unha ponderación entre os teus dereitos e o interese lexítimo de ABANCA, concluíndo que prevalece este último. Podes consultar a análise de ponderación que realizamos contactando co noso DPD no seguinte enderezo de correo electrónico: privacidad@abanca.com.

É interese lexítimo de ABANCA impedir situacións de fraude no emprego da aplicación que puidesen derivar na suplantación da túa identidade e, polo tanto, nun prexuízo para ti. Por iso, e á fin de prever a fraude tanto (i) na provisión da Banca Móbil, como (ii) durante o uso da mesma, poderemos levar a cabo as seguintes operacións de tratamento sobre os teus datos persoais:

- Tras proporcionarche a Banca Móbil, asociaranse ao teu usuario datos como o modelo de dispositivo, fabricante, sistema operativo ou localización xeográfica; estes parámetros permitirannos aplicar medidas para a prevención da fraude, ante a concorrencia de determinadas regras, tendo en conta a combinación dos parámetros asociados ao teu usuario.
- Poderemos detectar un código malicioso (malware) instalado no dispositivo no que instalaches a túa Banca Móbil; deste xeito, se se detecta a existencia dun malware no dispositivo móbil, ABANCA poderá aplicar medidas para a prevención da fraude.
- Tendo en conta o comportamento na interacción coa Aplicación do usuario autenticado na Banca Móbil, poderase determinar se o devandito patrón de comportamento é

común ou se se detectan irregularidades no uso, en cuxo caso se poderán aplicar medidas para a prevención da fraude.

Segundo se informa no apartado 2.2 da presente política «Categoría de datos persoais», a Aplicación da Banca Móbil só trata os datos biométricos na alta de cliente e previa obtención do teu consentimento, polo que aclaramos que a través deste tratamento non xeramos datos biométricos asociados ao teu concreto comportamento na Aplicación («datos conductuais»), senon que só verificamos que o comportamento na Aplicación do usuario autenticado non se corresponde cun patrón ao que asociase un risco de fraude.

3.2 Tratamentos opcionais para mellorar os servizos que ofrece a aplicación previa autorización do usuario.

Estes tratamentos están vencellados aos permisos do teu dispositivo. Isto é, a aplicación poderá solicitarche permisos; por exemplo, para acceder á cámara, aos contactos ou ás túas notificacións co obxecto de que poidas facer uso de certas funcionalidades da aplicación.

En todo momento poderás revisar e modificar os teus permisos nos axustes do teu dispositivo.

3.2.1. Tratamentos asociados ao permiso de «Notificacións»:

Se nos outorgas este permiso no teu dispositivo, poderemos desde a Banca Móbil enviarche avisos sobre a túa operativa:

Coa finalidade de que poidas recibir avisos en torno á túa operativa en ABANCA, poderás activar o permiso de notificación no teu dispositivo; ademais, na túa Banca Móbil poderás configurar co detalle que che amosamos deseguido o tipo de notificacións que queres recibir.

- Notificacións sobre as túas contas e tarxeta:
 - Notificarémosche cada vez que recibas un ingreso en calquera das túas contas ABANCA
 - Notificarémosche se tes saldo negativo en algunha das túas contas ABANCA.
 - Notificarémosche cada vez que teñas gastos coas túas tarxetas superiores ao importe que nos indiques.
- Outros servizos:
 - Notificarémosche no caso de que sexa devolvido un recibo domiciliado en ABANCA.
 - Notificarémosche sobre as operacións realizadas na túa conta de valores.
 - Enviarémosche notificacións sobre produtos e servizos que che poidan interesar segundo o teu perfil comercial e de risco, só no caso de que non amosases previamente a túa oposición ao envío de comunicacións comerciais da Entidade.

Non poderás desactivar na túa Banca Móbil as notificacións de seguridade, precisas para garantir a máxima seguridade do servizo, malia que, igual que o resto de notificacións, están asociadas a que nos outorgues o permiso de notificacións no teu propio dispositivo.

3.2.2 Tratamentos asociados ao permiso de «Contactos»:

Se nos outorgas este permiso no teu dispositivo, poderás desde a Banca Móbil empregar as seguintes funcionalidades:

a) Seleccionar directamente un contacto da túa axenda para notificar unha transferencia.

Coa finalidade de notificar unha transferencia realizada a un dos contactos do teu dispositivo, poderás autorizar o permiso de acceso á túa axenda de contactos.

b) Seleccionar directamente un contacto da túa axenda para realizar un Halcash.

Coa finalidade de enviar cartos con Halcash mediante a retirada do efectivo ao instante nun caixeiro, poderás autorizar o permiso de acceso á túa axenda de contactos.

b) Seleccionar directamente un contacto da túa axenda para realizar un Bizum.

A aplicación inclúe, entre as súas funcionalidades, a ferramenta Bizum, que che permite enviar e recibir cartos só co número de teléfono do beneficiario (ou, no seu caso, ordenante) do pagamento; coa finalidade de axilizar este proceso, poderás autorizar o permiso de acceso á túa axenda de contactos.

Se non autorizaches este permiso no teu dispositivo, poderás facer uso destas funcionalidades da aplicación escribindo manualmente o número de teléfono ao que queres notificar o envío dunha transferencia ou ben solicitar ou enviar un pagamento a través de Bizum ou Halcash.

3.2.3. Tratamentos asociados ao permiso de «Cámara».

Se nos outorgas este permiso no teu dispositivo, poderás desde a Banca Móbil empregar as seguintes funcionalidades:

a) Videoidentificación na alta de cliente

Coa finalidade de xestionar a túa alta como cliente e autenticarte de forma online, poderás autorizar o acceso á cámara do dispositivo.

Neste suposto e segundo informamos no apartado 2.2 «Categorías de datos persoais», poderemos tratar datos biométricos asociados á túa imaxe, sempre previo consentimento pola túa banda (consentimento diferenciado do propio permiso de acceso á cámara do teu dispositivo) e sendo informado de todos os extremos do tratamento dos datos biométricos que se realizará no devandito proceso.

b) Personalizar o teu perfil de Banca Móbil.

Coa finalidade de personalizar o teu perfil de Banca Móbil incluíndo unha fotografía tirada directamente coa cámara do dispositivo, solicitáremosche o teu permiso de acceso á cámara do dispositivo.

No caso de que non nos deas permiso, poderás empregar esta funcionalidade da aplicación subindo unha imaxe directamente da túa galería.

c) Xestionar o pagamento de recibos.

Coa finalidade de xestionar o pagamento de recibos non domiciliados mediante a captura do código de barras facendo uso directamente da cámara, solicitámosche o teu permiso de acceso á cámara do dispositivo.

No caso de que non nos deas permiso, poderás empregar esta funcionalidade da aplicación introducindo manualmente os díxitos do código de barras do teu recibo.

d) Actualizar o teu documento de identidade.

Coa finalidade de actualizar o teu documento de identidade en cumprimento das obrigas previstas na Lei 10/2010 de 28 de abril, de Prevención de Branqueo de Capitais e Financiamento do Terrorismo, poderás tirar unha fotografía empregando directamente a cámara do dispositivo na que se recollan todos os datos do teu documento de identidade.

No caso de que non nos deas permiso, poderás empregar esta funcionalidade da aplicación subindo directamente unha fotografía da túa galería ou ben actualizar os teus datos en calquera Oficina da Entidade.

3.2.4. Tratamento asociado ao permiso de «Teléfono».

Coa finalidade de incrementar a túa seguridade no uso da Banca Móbil, poderémosche solicitar este permiso para obter máis información do estado da conexión do dispositivo.

3.2.5. Tratamentos asociados ao permiso de «Datos móviles»

Coa finalidade de poder acceder á túa Aplicación da Banca Móbil empregando os datos móbiles do teu dispositivo, poderemos requirir o permiso de acceso aos datos do teu dispositivo móbil.

Este permiso (a diferenza do resto de permisos informados) vén autorizado por defecto polo propio dispositivo; con todo, se a versión do mesmo o permite, o usuario poderá retiralo en calquera momento de tal forma que só será posible acceder á Aplicación da Banca Móbil a través da rede wifi.

3.2.6. Tratamentos asociados ao permiso de «Localización».

Se nos outorgas este permiso no teu dispositivo, poderás desde a Banca Móbil empregar as seguintes funcionalidades:

a) Localizador de Oficinas.

Coa finalidade de poderche ofrecer o servizo de localizador de Oficinas integrado na nosa Aplicación de Banca Móbil, solicitarémosche o permiso de acceso á localización do teu dispositivo; deste xeito, amosarémosche as oficinas da rede de ABANCA dispoñibles preto de ti en cada momento.

b) Incrementar a túa seguridade no uso da túa Banca Móbil

Coa finalidade de incrementar a túa seguridade no uso da Banca Móbil, solicitarémosche o permiso de acceso á túa localización, co que poderemos implantar controis adicionais tanto no uso como na descarga da nosa Aplicación.

Só trataremos os datos da túa localización no momento de descargar a aplicación e acceder á mesma, o que nos permitirá implantar controis adicionais para previr a fraude; por iso, só accederemos á túa localización se estás a facer uso da Banca Móbil e nunca en segundo plano.

3.2.7. Tratamentos asociados ao permiso de «Identificación biométrica»:

Coa finalidade de incrementar a túa seguridade no acceso á Banca Móbil, se o dispositivo ou a versión da aplicación o permiten, dámosche a posibilidade de autenticarte facendo uso do teu patrón biométrico asociado ao teu dispositivo.

Previamente, debes activar a identificación biométrica no teu dispositivo móbil e, segundo se informa nas condicións aceptadas no teu propio dispositivo, os teus datos biométricos (Face ID ou impresión dixital) permanecen no teu dispositivo e en ningún caso a Aplicación de Banca Móbil pode acceder a esta información; así, a única información que recibimos por parte do teu dispositivo é que a autenticación foi correcta.

4. Con quen compartimos os teus datos?

A aplicación Banca Móbil non compartirá os teus datos con terceiros.

5. Está prevista algunha transferencia internacional?

Determinadas sociedades que prestan servizos a ABANCA están localizadas fóra da Unión Europea, o que implica a realización de Transferencias Internacionais de Datos. Neste sentido, ABANCA garante a aplicación de medidas de seguridade técnicas, organizativas e legais que resulten axeitadas ao nivel de risco do tratamento con independencia do territorio onde se produza.

Calquera comunicación de datos que se produza a terceiros localizados en países fóra do Espazo Económico Europeo (EEE) estará suxeita a un nivel adecuado de protección que garanta a seguridade e lexitimidade do tratamento dos seus datos persoais, segundo o disposto na normativa vixente aplicable.

Para máis información sobre as transferencias internacionais de datos, pódeste dirixir ao Delegado de Protección de Datos de ABANCA no seguinte enderezo de correo electrónico: privacidad@abanca.com.

6. Canto tempo conservamos os teus datos?

Os teus datos persoais conservaranse durante a vixencia da relación contractual ou precontractual con ABANCA e, no caso de prestar o teu consentimento a tal efecto, serán conservados con posterioridade á relación contractual ou precontractual por un prazo máximo de 5 anos. Rematada a relación contractual ou precontractual (ou, no seu caso, transcorrido o prazo de 5 anos), os datos serán bloqueados segundo o disposto na normativa aplicable, o que implica a identificación e reserva dos datos, adoptando medidas técnicas e organizativas para impedir o seu tratamento, agás para a formulación, o exercicio ou a defensa de reclamacións ou para a súa posta a disposición de Xuíces e Tribunais, o Ministerio Fiscal ou as Administracións Públicas competentes, a efectos da atención ou esixencia de posibles responsabilidades derivadas do tratamento e só durante os prazos de prescrición legal das mesmas. Transcorridos os devanditos prazos, eliminaranse os teus datos persoais.

7. Cales son os teus dereitos?

A normativa de protección de datos confíreche unha serie de dereitos en relación co tratamento dos teus datos persoais:

- **Dereito de acceso.** Podes coñecer que tipo de datos estamos a tratar e as características do tratamento que estamos a levar a cabo.
- **Dereito de rectificación.** Podes solicitar a modificación dos seus datos por seren inexactos ou incompletos.

- **Dereito de portabilidade.** Podes obter unha copia nun formato interoperable dos datos que estean a ser tratados.
- **Dereito á limitación do tratamento.** Podes solicitar a limitación do tratamento dos teus datos persoais cando se cumpra algunha das condicións recollidas na lei:
 - Cando impugnes a exactitude dos teus datos persoais, durante o prazo no que ABANCA comproba a exactitude dos mesmos;
 - Cando o tratamento é ilícito pero te opoñas á supresión dos teus datos;
 - Cando ABANCA non precise tratar os teus datos pero ti os necesites para o exercicio ou a defensa de reclamacións; e
 - Cando te opoñas ao tratamento dos teus datos realizado para o cumprimento dunha misión en interese público ou para a satisfacción dun interese lexítimo mentres se verifica se os motivos lexítimos para o tratamento prevalecen sobre os teus.
- **Dereito de supresión.** Podes solicitar a supresión dos teus datos cando o tratamento xa non sexa preciso.
- **Dereito de oposición.** Podes solicitar que non tratemos os teus datos persoais (p.ex., para o cesamento de envío de comunicacións comerciais de produtos da entidade) e non ser obxecto de decisións baseadas só en tratamentos automatizados. Así mesmo, podes solicitar o cesamento nos tratamentos amparados no interese lexítimo de ABANCA, en cuxo caso deixaremos de tratar os teus datos, agás se acreditamos motivos lexítimos imperiosos para o tratamento que prevalezan sobre os teus dereitos ou para a formulación, o exercicio ou a defensa de reclamacións.
- **Dereito a revocar o consentimento** prestado en calquera momento.
- **Dereito a interpoñer unha reclamación fronte á autoridade de control** (en España, a Axencia Española de Protección de Datos: <https://www.aepd.es/>).

Para o exercicio de calquera destes dereitos, debes dirixirte ao noso Servizo de Atención ao Cliente a través do enderezo postal: Rúa Nueva, 1 - Entresollado, 15003, A Coruña ou de correo electrónico a: atencioncliente@abanca.com.

Tramitaremos a túa solicitude á maior brevidade posible e, en todo caso, dentro do prazo legal dun mes a partir da recepción do teu escrito. O devandito prazo poderá prorrogarse outros dous meses no caso de ser preciso, tendo en conta a complexidade e o número de solicitudes. Neste último caso, informarásese da prórroga dentro do transcurso do primeiro mes desde a recepción da solicitude, indicando os motivos da dilación.

8. Ampliar información sobre protección de datos.

Na presente política, informámolo do concreto tratamento dos seus datos no uso da nosa aplicación de Banca Móbil. Podes consultar a política de privacidade de clientes desde a nosa web (<https://www.abanca.com/>) dentro do apartado de «Aspectos legais e de seguridade», situado na parte inferior da devandita páxina.

<https://www.abanca.com/es/legal/politica-privacidad-clientes/informacion-adicional/>

9. Modificacións da Política de Privacidade

Esta política será revisada e actualizada para cumprir cos cambios normativos que se produzan en cada momento ou cando se realicen novos tratamentos por parte de ABANCA. Por este motivo, é importante que, de xeito periódico, revises o seu contido.

A data de última actualización é luns, 27 de febreiro de 2023.